



Concello de Lourenz

ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente nm.: | rgano colexiado: |
| PLN/2020/2 | El Pleno |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIN

| | |
|--------------------------|-----------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 21 de maio de 2020 |
| Duracin | Desde as 20:30 ata as 21:00 horas |
| Lugar | Saln de Sesins |
| Presidida por | rocio lopez garcia |
| Secretario | Begona Gonzlez Pedregal |

ASISTENCIA  SESIN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|-----------|------------------------------------|--------|
| 33832911A | ANTONIO REGO REY | S |
| 35312108R | AUREA MARA VZQUEZ ABAL | S |
| 33997496T | EDUARDO JOSE REIGOSA BRANA | S |
| 34880827Q | ENRIQUE JOS ROCHA PREZ | S |
| 33995905L | FRANCISCO JAVIER RODRGUEZ BARRERA | S |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | S |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | S |
| 33844382C | MARIO LEITN RAMALLAL | S |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | S |
| 33549271E | SONIA GAVINO REIGOSA | S |

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

| | | |
|-----------|--------------------|----|
| 76580879X | rocio lopez garcia | SÍ |
|-----------|--------------------|----|

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 11/03/2020.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, de data once de marzo do dous mil vinte (11/03/2020), distribuída coa convocatoria, e non habendo nada, unicamente o rogo por parte do Sr. Rodríguez Barrera para que se transcribira ben o seu apelido, que en moitas ocasións aparece erroneamente "Barreira", ao que por parte da Secretaría pediuse disculpas indicándose que sería corrixido, así pois o borrador da acta de dita sesión foi aprobado por unanimidade dos presentes, debendo corrixirse os erros no apelido do Sr. Barrera.

Expediente 228/2020. MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS NÚM. 7 E NÚM.9 POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E POLO APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL (TERRAZAS) CO MOTIVO DO COVID-19.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Neste primeiro punto da orde do día, víronse as propostas presentadas pola Alcaldía para a modificación das Ordenanzas Fiscais Núm.7, Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e da Núm. 9, Reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

subsolo, solo e vó de dominio público local, motivada dita modificación para paliar as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-.

Unha vez explicado pola Alcaldía o motivo de ditas modificacións e o contido das mesmas, abriuse un pequeno debate no que por parte do voceiro do BNG., Sr. Rocha Pérez, apuntouse que vían ben as propostas de modificacións das ordenanzas, pero consideraban que eran insuficientes, que deberían ampliarse, que poderíase pensar, polo que se refire ós recibos do lixo, naquelas persoas que estiveran afectadas por un ERTE, e non soio provocado pola crise sanitaria do COVID-19 senón tamén por outras causas, que non sería unha medida dun grande investimento económico tendo en conta ademais o anuncio da Deputación de que non era obrigatorio adicar o 50% da subvención do Plan Único/2020 a investimentos, e dicir que habería mais de douscentos mil euros que poderían destinarse a fins sociais, laborais, condonación de impostos, fraccionamento, etc., e dicir que abríase un grande abanico de posibilidades e polo tanto o que solicitaban era a reunión da xunta de portavoces para poder elaborar un plan de activación económica para tratar todos estes asuntos, entendendo que a situación actual era de extrema excepcionalidade e que debían de esquecer decisións partidistas e entre os once concelleiros atopar as mellores medidas para afrontar a crise, crise que xa tiña este concello derivada polo peche de Mobles Hermida e que se agravaba con isto, que crían que dado que se podía contar cunha grande cantidade de diñeiro para empregar fora dos planes habituais, era polo que crían que deberían estudar estas posibilidades pola xunta de portavoces e despois debatelas nun pleno, que pola súa parte, non cobrarían.

A continuación tomou a palabra o voceiro do equipo do goberno, o Sr. Arango, para indicar que cando falaba de douscentos mil euros, era todo o montante do Plan Único e que non podía dedicarse todo a esta finalidade, porque se facían unhas cousas non poderían facerse outras, que consideraba que o prioritario era aprobar as medidas que se levaban ao Pleno, e que entendía que despois podería haber unha xunta de portavoces para estudar outros temas, e mirar o caso dos traballadores con ERTE, aínda que habería que estudialo moi ben, porque ao mellor, dentro dunha familia, dependería dos traballadores que houbera, cantos tiñan ERTE, etc.

Polo Sr. Rocha Pérez aclarouse que, por suposto, o seu grupo ía a votar a favor das medidas propostas posto que consideraban que eran boas pero que pensaban que se deberían de ampliar.

A Sra. Alcadesa indicou que, nun principio, decidiran dirixilo aos establecementos máis prexudicadas, que poderíase estudar os

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

casos dos traballadores que se viran afectados polo ERTE, que non descartaban esa posibilidade aínda que pensaba que debería estudiarse detidamente, que era un traballo complexo, que non o descartaban e que non vía mal que se reunira a xunta de portavoces.

Seguidamente tomou a palabra o voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera, para expoñer que, como non podía ser doutra maneira, o seu grupo ía a votar a favor das medidas propostas polo equipo de goberno pero eran da opinión de que, sendo medidas boas, eran insuficientes; que crían que era necesario facer uns presupostos de urxencia adaptados a nova situación económica e social provocada polo Covid/19, un presuposto para o que resta do 2020 e tamén para o 2021, nos que se debería antepoñer a creación de emprego e as axudas aos comerciantes e autónomos e a xente do noso campo, sen esquecer que a maior empresa da localidade estaba a piques de ser liquidada polo que ademais da crise do Covid tamén habería, a maiores, un bo número de parados e unha baixada de ingresos ocasionada pola peche de dita empresa. Indicou tamén que o seu grupo municipal gardara un respectuoso silencio mentres durou o máis duro da pandemia por iso, despois da aprobación no Pleno dos presupostos para o ano 2020 e de que se enteraran de que se saltaran a Regra de Gasto do ano 2019, consideraban que debían seguir criticando o que pensaban que eran uns presupostos malos para Lourenzá, nun principio deixaron que a xente se centrara en seguir as indicacións do goberno do Estado pero despois de dous meses consideraban que houbera tempo para pensar en máis medidas que as propostas e por iso invitaban a facer unha reunión de voceiros para que se aportaran ideas e se traballara conxuntamente nuns presupostos novos e necesarios para Lourenzá, que era o momento de arrimar todos o ombreiro porque a situación ía a ser moi dura nos vindeiros anos e por iso pedían diálogo e traballo, e agardaban que antes do próximo pleno houbera uns novos presupostos de urxencia e moitas máis medidas para paliar e axudar a levar mellor a crise actual.

Finalmente interviño a Sra. Alcaldesa para indicarlle que estaban na mesma liña que o outro grupo da oposición pero que polo que se refería a ter que elaborar uns novos presupostos, non coincidía en absoluto, e á indicación do Sr. Rodríguez Barrera de que habería que modificar moitas partidas porque non tiñan sentido, manifestou que non era desa opinión, que iso era unha valoración de cada un, pero que ela pensaba que o que terían que facer era ir mirando que tipo medidas podían adoptarse e que tomaba nota da petición dunha xunta de voceiros.

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenz

Dado por finalizado o debate, o Pleno, en votacin ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesin e que constiten o seu nmero legal, e previo reconecemento da situacin de emerxencia, ACORDA:

PRIMEIRO.-

A) A modificacin da ORDENANZA FISCAL NM.7 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIN DE SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E RESIDUOS SLIDOS URBANOS, nos termos seguintes:

Primeiro.- Introducir una Disposicin Adicional Primeira, co seguinte tenor literal: "Disposicin Adicional Primeira.- Cando se produzan situacin catastrficas ou infortunios pblicos, previo reconecemento da situacin de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarn exentos do pago da taxa no perodo ou perodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situacin de emerxencia. O Alcalde-sa ser competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolucin dos expedientes. Cando existan concesions ou contratos de servizos, comunicarse s empresas adxudicatarias para que non efecten a facturacin, asumindo o pago o concello, en concepto de subvencin, co obxecto de garantir o equilibrio econmico da prestacin.

Segundo.- Introducir unha Disposicin Adicional Segunda co seguinte tenor literal: "Disposicin Adicional Segunda.- En consonancia coa Disposicin Adicional Primeira, durante o presente ano 2020, aquelas persoas fsicas ou xurdicas as como as comunidades de bens, sociedades civs ou outras entidades econmicas sen personalidade xurdica, legalmente constitudas e cuia actividade desenvolvida se vira afectada polo peche do seu establecemento en virtude do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de medidas para a xestin da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, quedarn exentos do pago do SEGUNDO TRIMESTRE/20 da taxa pola prestacin do Servizo de Recollida de Lixo e Residuos Slidos Urbanos."

Terceiro.- Introducir igualmente unha Disposicin Adicional Terceira co obxecto de paliar as consecuencias derivadas da crise econmica provocada polo COVID-19 e co fin de impulsar a actividade econmica no concello de Lourenz, que ter o tenor literal: "Disposicin Adicional Terceira.- Durante o presente ano 2019, aquelas persoas fsicas ou xurdicas as como as comunidades de bens, sociedades civs ou outras entidades econmicas sen personalidade xurdica, legalmente constitudas e cuia actividade desenvolvida se vira afectada polo peche do seu establecemento en virtude do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de medidas para a xestin da crise sanitaria ocasionada polo

Concello de Lourenz





Concello de Lourenz

COVID-19, tern unha bonificacin do 80% nos importes correspondente da Taxa pola prestacin do servizo de Recollida de Lixo e Residuos Slidos Urbanos e para os perodos do TERCEIRO E CARTO TRIMESTRE/20.”

B) A modificacin da ORDENANZA FISCAL NM.9 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VO DE DOMINIO PBLICO LOCAL, nos termos seguintes:

Primeiro.-Introducir una Disposicin Adicional Primeira, co seguinte tenor literal: “Disposicin Adicional Primeira.- Cando se produzan situacin catastrficas ou infortunios pblicos, previo reconecemento da situacin de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarn exentos do pago da taxa no perodo ou perodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situacin de emerxencia. O Alcalde-sa ser competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolucin dos expedientes.”

Segundo: Introducir igualmente unha Disposicin Adicional Segunda co obxecto de paliar as consecuencias derivadas da crise econmica provocada polo COVID-19 e co fin de impulsar a actividade econmica no concello de Lourenz, que ser do seguinte tenor: “Disposicin Adicional Segunda.-Establecer a exencin da Taxa polo aproveitamento de vas e terreos de uso pblico mediante a ocupacin con terrazas con fins lucrativos por parte dos establecementos hostaleiros dende o inicio da declaracin do Estado de Alarma e ata decembro do 2021.”

SEGUNDO.- Someter o acordo plenario s requisitos de exposicin  pblico a efectos de reclamacins, durante trinta das como mnimo, e anunciarlo por medio de edicto, que se publicar no Boletn Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como precepta o art. 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- As modificacins das Ordenanzas Fiscais aprobadas entrarn en vigor unha vez publicadas no Boletn Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relacin con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Rxime Local. Seguirn en vigor mentres non se acorde a sa modificacin ou derogacin expresa.

CUARTO.- Elevar o acordo a definitivo se non se presentan reclamacins  mesmo e continuarase o expediente ata a sa conclusin, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que

Concello de Lourenz





Concello de Lourenz

se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacins presentadas e a nova redaccin da Ordenanza modificada haber de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo dispn o nmero catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

QUINTO.- Faculta-la Sra. Alcaldesa, Da. Roco Lpez Garca, para a sinatura de documentos e xestin de trmites que sexan necesarios para a execucin do presente acordo.

MOCIN DO BNG A FAVOR DO MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO DAS EMPRESAS AUXILIARES DE ALCOA SAN CIBRAO.

Favorable

Tipo de votacin:
Unanimidade/Asenti-
mento

Neste punto do orde do da e tras tomar a palabra o voceiro do BNG., Sr. Rocha Prez, quen explicou un pouco o contido da mocin presentada a favor do mantemento dos postos de traballo dos traballadores/as das empresas auxiliares de Alcoa San Cibrao, indicando que ata agora o que via facendo Alcoa eran ameazas de peche dicindo que aquilo estaba moi mal e que haba moitas perdas, pero o pasado mes houbo a primeira medida de destruccin real da factora, chegaba con ela o principio do final da planta, que as empezaran Corua e Avils, xa que a decisin de non rebrascar cubas, significaba ir parando as cubas que an chegando o final da sa vida e non volvelas a poer en funcionamento , o que significara que cando tdalas cubas parasen, a planta acabarase, indicou tamn que trtabase dun proceso que non a a acabar este mes e incluso tampouco este ano, que sera algo paulatino, como dicir coloquialmente “ muxir a vaca sin darlle de comer”,  dicir, que cando parase de dar leite, acabarase. Informou tamn que a Plataforma enviara unha mocin a tdolos concellos, solicitando o rexeitamento da medida anunciada pola multinacional as como o resto das medidas que aparecen na mocin.

O Pleno, coecido o contido da mesma, en votacin ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesin e que constiten o seu nmero legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a Mocin presentada polo grupo municipal do BNG. , nos termos nos que est redactada sendo o seu contido literal o que segue:

EXPOSICIN DE MOTIVOS:

Dende a plataforma coordinadora de auxiliares instan os 3 grupos

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

políticos maioritarios na nosa comarca, (BNG , PSOE e PP) a presentar e aprobar unha moción en todos os concellos da Mariña a favor do mantemento dos postos de traballo dos traballadores/as das empresas auxiliares de Alcoa San Cibrao.

Queren recordar os grupos políticos da mariña que representan o 50% da masa de traballadores/as da factoría cun total de 1000 postos de traballos.

Coa medida de Alcoa de non realizar a rebrascaxe das cubas que chegan o final da súa vida útil vemos como comeza o principio do fin da actividade na factoría, e os primeiros en pagar a factura son os traballadores/as das auxiliares.

Non debemos permitir que o principal sector económico da comarca morra, ou que elimine o 50% dos postos de traballo, por iso solicitan que os 3 grupos políticos aproben as seguintes medidas:

a) Rechazo da medida anunciada pola multinacional de non rebrascar as cubas.

b) Apoio institucional ós 50 traballadores afectados, en primeira estancia, que entraran xa en ERTE.

c) Solicitar a mediación da Xunta de Galicia para evitar que sexa efectiva a decisión da multinacional e se busque unha solución para que non paren as cubas, así como para que ningún traballador/a de empresas auxiliares perda o seu posto de traballo.

d) Solicitar o goberno central do estado Español a súa inmediata intervención para que a multinacional non deixe morrer a nosa factoría, esta recupere o 100% da actividade e non se perda ningún posto de traballo.

SEGUNDO.- Achegar tanto á Xunta de Galicia como ó Goberno Central, certificación do presente acordo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

MOCIÓN DO BNG PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

A continuación, veuse a Moción presentada polo grupo municipal do BNG. para a ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA, iniciándose este punto coa súa lectura por parte do voceiro do BNG., Sr. Rocha Pérez. Posteriormente abriuse un breve debate no que por parte do voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

Barrera anunciouse que o seu partido íase abster porque consideraba que era un tema para debater no Parlamento, e pola súa parte, o voceiro do P.S.O.E, Sr. Arango Ron, indicou que o seu grupo ía apoiala, puntualizando que polo que se refería ao bloqueo dos remanentes, el entendía que era xustamente o contrario, que a ida era facilitar que os concellos puideran empregar libremente o remanente para calquera uso, pero, en todo caso, se realmente a idea fora a contraria, entón estarían en contra e polo tanto, por iso ían a votar a favor do contido da moción xa que tamén estaban a favor de derogación da Lei Montoro.

Dado por finalizado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e con oito votos a favor, do P.S.O.E. e B.N.G., e tres abstencións, do P. Popular, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a Moción presentada polo grupo municipal do BNG. para a Elaboración dun Plan Galego de Reactivación Económica, sendo o seu contido literal o que segue:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da covid-19, vai ter unha virulencia especial na Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente.

Nesta situación é imprescindible facer políticas atrevidas, valentes e decididas que rachen coa dinámica de parcheo que o único que fai é sustentar o sistema e rebota os efectos da crise sobre os sectores máis desfavorecidos, sobre as clases populares. Os grandes beneficiados, se non o remediamos serán a banca e as grandes corporacións económicas.

Os concellos non teñen competencias estruturais en materia económica e política fiscal. As decisións que se poidan adoptar para facer fronte á crise dende o ámbito local van depender das medidas legislativas e executivas que se adopten polo Estado español e pola Xunta de Galiza.

Para que a administración local poida despreñar a súa capacidade de actuación nesta situación é fundamental a derogación da lei de Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (lei Montoro), xa que esta lei recolle tres regras fiscais (estabilidade, regra de gasto e débeda) para priorizar o pago da débeda aos bancos).

Esta lei deriva da modificación do art. 135 da Constitución española en 2011. Sen a derogación desta norma as posibilidades de actuación das diferentes administracións veríanse moi minguadas, e quedarían en actuacións de beneficencia.

Están a ser cada vez máis preocupantes as informacións en distintos

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenzá

medios de comunicación da intención do Ministerio de Facenda de utilizar os depósitos remanentes municipais, no canto de permitir que sexan utilizados polos concellos en actuacións da súa competencia. Esta decisión deixaría á administración local sen ningunha capacidade de acción.

Nunha situación como a que estamos a vivir é fundamental a elaboración de mecanismos de solidariedade social nacionais: claridade dos recursos dispoñíbeis en cada nivel de intervención pública, priorización no emprego colectivo destes recursos para que cheguen a quen os precisa (sen que dependa do concello no que residan) e exercicio responsábel das competencias de cada institución, evitando duplicidades, solapamentos e baleiros inadmisíbeis.

Para isto faise preciso a elaboración dun plan galego de reactivación económica e social, consensuado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Esta proceso debe estar dirixido polo goberno galego e refrendado polo Parlamento Galego.

A FEGAMP, como asociación dos concellos e deputacións galegas, debe xogar un papel fundamental, sen delegar na FEMP a representación dos concellos galegos. Os concellos galegos van ver máis diminuída a súa capacidade de intervención, investimento e gasto se a interlocución municipal ten como referencia o mapa municipal estatal.

Dada a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas, o plan galego debe ter especialmente en conta a súa situación e establecer axudas directas, complementarias das do estado, para que podan seguir a desenvolver a súa actividade. Debe haber unha actuación urxente do goberno galego a estes sectores da economía, como xa aprobaron outras comunidades autónomas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.-Instar a Xunta de Galiza á iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensuado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais.

Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.

2.-Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complementa as medidas do estado, a autónomos e pemes.

3.-Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei

Concello de Lourenzá





Concello de Lourenz

Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a sa capacidade de investimento e gasto.

4.-Manifiestar a firme oposicin da corporacin municipal a calquera pretensin do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.”

SEGUNDO.- Achegar certificacin do presente acordo  Xunta de Galicia e a FEGAMP, para o seu conecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Facultar  Sra. Alcaldesa, Da. Roco Lopez Garca para a sinatura de documentos e xestin de trmites que sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

EXECUCIN PRESUPOSTARIA 1 TRIMESTRE 2020.

Chegado este punto da Orde do da deuse conta do informe emitido sobre a execucin do presuposto correspondente  **PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2020**, que foi enviado ao Ministerio de Economa e Facenda o da 04/05/2020, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacins de subministro de informacin previstas na Lei Orgnica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

PMP. 1 TRIMESTRE 2020.

Neste punto do orde do da e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificacin da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacins comerciais, dase conta do informe do **PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2020** relativo ao **CUMPRIMENTO DO PERODO MEDIO PAGO A PROVEDORES** de conformidade coa establecido na Disposicin Transitoria nica do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxa de clculo do perodo medio de pago a provedores das Administracins Pblicas e as condicins e o procedemento de retencin de recursos dos rximes de financiamento previstos na Lei Orgnica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no

Concello de Lourenz





Concello de Lourenzá

Concello cumpriuse no Primeiro Trimestre do Exercicio 2020, posto que o Período Medio Global foi de 12,20 días.
Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 04/05/2020.

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O NUM. 2020-0447 DE 05/03/2020 ATA A NÚM. 2020-0734 DE DATA 15/05/2020.

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a número 0447/20 de data 05/03/2020 ata a número 0734/20 de data 15/05/2020 e que puideron ser consultadas electronicamente polos concelleiros no Libro de Resolucións da Alcaldía.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGO BNG.

Polo voceiro do BNG., Sr. Rocha Pérez rogouse que, se era posible, podíase deixar fixado neste pleno a data da reunión da xunta de portavoces posto que canto antes se actuara antes encontraríanse as solucións para poder aplicalas.

Polo voceiro do equipo de goberno, Sr. Arango Ron, e pola Alcaldía indicouse que deixarían uns días para organizalo e que podería ser para a próxima semana xa que, efectivamente, era mellor non demoralalo moito.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenzá

